



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 7/02/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 7/02/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2- LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO PADRÓN FISCAL MUNICIPAL RELATIVO Á TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANS, CORRESPONDENTE AO ANO 2022.
- 4- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN DE CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA.
- 5- ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 25/01/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 25/01/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

LICENZAS DE OBRAS

EXPEDIENTE: 2021/U022/000008

A) Visto o escrito co número 2021/999/00000808 (RET) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 19/12/2021, presentado por José Luís Carreira Gallego, en nome e representación de A LUBRE NO CAMIÑO DAS ESTRELAS, S.L., con CIF: B-06.804.926, e domicilio social no lugar de Ermedesuxo de Abaixo, 24 deste termo municipal, no que achega proxecto de execución redactado polo arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz, colexiado número 2469 do COAG, para rehabilitación de vivenda unifamiliar para adicala a Hostal (Referencia Catastral número 001402100MH75D0000YM).

Visto que co número 2022/999/00000038 do RET de 13/01/2022, Juan Ramón Insua Redonda, presenta nomeamento de director de execución material e coordinador de seguridade e saúde, visado polo COATAC o día 13/01/2022.

Visto que co número 2022/999/00000045 do RET de 14/01/2022, Xoan Bautista Alborés Tajés, en nome e representación de José Luis Carreira Gallego, presenta nomeamento de director de obra, visado polo COAG o día 21/12/2021.

Visto que con data 31/01/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto de execución presentado, debendo ter en conta, en todo caso, o indicado na concesión da licenza así como o indicado na resolución de carácter favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por A LUBRE NO CAMIÑO DAS ESTRELAS, S.L., con CIF: B-06.804.926, para proceder á realización de obras consistentes na "Rehabilitación de vivenda unifamiliar para adicala a Hostal" que se localiza nunha parcela (Referencia Catastral número 001402100MH75D0000YM); redactado polo arquitecto Manuel Angel Marcote Escarís, visado o día 17/12/2021 co número 2106815,3, e documentación que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística, así como o indicado na resolución de carácter favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En todo caso,

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000008
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 16/09/2021
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo Núcleo Rural Histórico-Tradicional (SNR-HT)
- PROMOTOR: D. José Luís Carreira Gallego
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Xoán B. Alborés Tajés, colexiado nº 3.125 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda., colexiado nº. 2750 no COATIE.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existente
- USO: Hoteleiro
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

-O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Salientar que unha vez rematadas as obras.

- Será necesario a presentación do certificado final de obra, no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada.

- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa de apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada, e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

- Presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.

2) Notificar este acordo ao promotor para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACION PREVIA DE OBRA

EXPEDIENTE: 2021/U026/000103

Visto o escrito co número 2021/000/00001533 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/07/2021, presentado por LUIS BUJEIRO LOURIDO, de comunicación previa de obra consistente no pintado dunha parede exterior da súa vivenda na mesma cor que ten na actualidade (vermello), para o que será necesario a colocación



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de andamios na vía pública, ocupando unha superficie de sete (7) metros cadrados. (Referencia catastral número: 001402300MH75F0001WL).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/08/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo presentarse para poder realizar as mesmas:

“Autorización da Delegación territorial da Coruña da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia as obras pretendidas”.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001003 (RS) de 19/08/2021, dirixese oficio a LUIS BUJEIRO LOURIDO, manifestándolle que foi tramitada solicitude ante a Delegación Territorial da Coruña da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, polo que o expediente de comunicación previa de obra queda en suspenso ata o recibo do informe correspondente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001004 (RS) de 19/08/2021, remítese copia do expediente ao Servizo de Patrimonio Cultural de A Coruña, solicitándolle o correspondente informe sectorial.

Considerando, que con data 21/01/2022, o Xefe do Servizo de Coordinación Cultural do Servizo de Patrimonio Cultural de A Coruña, resolve autorizar as obras de pintado solicitadas.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 2/02/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a LUIS BUJEIRO LOURIDO, o título habilitante para a realización de obras consistentes no pintado dunha parede exterior da súa vivenda na mesma cor que ten na actualidade (vermello (Referencia Catastral número 001402300MH75F0001WL), toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a cor pretendida está permitida segundo a normativa de aplicación.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/U026/000007

Visto o escrito co número 2022/999/00000035 do Rexistro de Entrada Telemático de Documentos deste Concello, de data 13/01/2022, presentado por DAVID MOSQUERA CASTRO, en nome e representación de MANUEL FRANCISCO TRABA TRABA, de comunicación previa de obra consistente no peche perimetral de finca con malla metálica de cor verde apoiada en postes de formigón, cunha lonxitude de 250 metros, (Referencia catastral número: 15038A023001350000FP).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 26/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MANUEL FRANCISCO TRABA TRABA, o título habilitante para a realización de obras consistentes no peche perimetral de finca con malla metálica de cor verde apoiada en postes de formigón, cunha lonxitude de 250 metros (Referencia catastral número 15038A023001350000FP).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACION PREVIA DE OBRA DE ADECUACION DE LOCAL PARA ACTIVIDADE

EXPEDIENTE: 2021/U027/000004

Visto o escrito co número 2021/999/00000576 do Rexistro de Entrada Telemático de Documentos deste Concello, de data 23/09/2021, presentado por CONCEPCION VILLA PEREZ, en representación de SONIA HORTA RAMOS, de comunicación previa de obra de adecuación de local para actividade de restaurante (Referencia Catastral número 8504418MH7580S0006AK), en base ao proxecto de febreiro de 2021, redactado polo arquitecto Juan A. Rebolledo Inchaurreaga, colexiado 1413 do COAG.

Visto o escrito co número 2021/999/00000579 do Rexistro de Entrada Telemático de Documentos deste Concello, de data 23/09/2021, presentado por CONCEPCION VILLA PEREZ, en representación de SONIA HORTA RAMOS, de comunicación previa de obra de adecuación de local para actividade de restaurante



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

(Referencia Catastral número 8504418MH7580S0006AK), en base ao proxecto de febreiro de 2021, redactado polo arquitecto Juan A. Rebolledo Inchaurreaga, colexiado 1413 do COAG.

Considerando, que do informe técnico de data 13/10/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar co expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001865 (RS) de 14/10/2021, diríxese oficio a CONCEPCION VILLA PÉREZ, ao que se lle achega copia do informe técnico de data 13/10/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, co número 2021/999/00000704 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste concello de 11/11/2021, CONCEPCION VILLA PEREZ, en representación de SONIA HORTA RAMOS, para contestar ao requirimento anterior presenta diversa documentación.

Considerando, co número 2021/999/00000762 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste concello de 29/11/2021, CONCEPCION VILLA PEREZ, en representación de SONIA HORTA RAMOS, aporta nova documentación para contestar ao requirimento anterior.

Visto o informe de data 25/01/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 2/02/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a SONIA HORTA RAMOS, o título habilitante para a realización de obras de reforma e acondicionamento interior de local para destinalo a café bar restaurante, consistentes en:

- Completa distribución do local.
- Instalación de dous aseos un deles adaptado.
- Instalación dunha cociña e nova instalación de electricidade de alumeado, de forza e de iluminación de emerxencia.
- Instalación dunha nova carpintería metálica sen especificar a súa cor.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Novas instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, contraincendios, ventilación, aire acondicionado e gas.

Todo iso, nun baixo da edificación (con referencia catastral número 8504418MH7580S0006AK), en base ao proxecto de febreiro de 2021, redactado polo arquitecto Juan A. Rebolledo Inchaurreaga, colexiado 1413 do COAG.

2º) Unha vez rematadas as obras será necesario, para o inicio da actividade, segundo o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá presentar comunicación previa de apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que ampara a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO PADRÓN FISCAL MUNICIPAL RELATIVO Á TAXA POLO SERVIZO DA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, CORRESPONDENTE AO ANO 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do día 13/12/2021, aprobou inicialmente o padrón fiscal relativo á taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbáns, correspondente ao ano 2022, no que constan 3053 recibos por un importe total de cento sesenta e un mil setecentos dezaseis euros e vinte e cinco céntimos (161.716,25 €) e acordou a súa publicación no BOP, no taboleiro de anuncios da Corporación e na web municipal a efectos de notificación colectiva a todos os contribuíntes e para a interposición de recursos de reposición.

Considerando que o edito de aprobación inicial do padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbáns do concello de Fisterra, foi publicado no BOP número 243 de data 23/12/2021.

Considerando, que rematado o prazo de exposición pública, xerouse un novo ficheiro, motivado polo feito de novas altas, baixas e cambios nas titularidades dos inmobles, do que resulta un total de 3084 recibos, por importe total de cento sesenta e tres mil trescentos trinta e catro euros (163.334,00 euros).

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar definitivamente o padrón fiscal relativo á taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbáns, correspondente ao ano 2022, composto por 3.084 recibos e por un importe total de cento sesenta e tres mil trescentos trinta e catro euros (163.334,00 €), sendo o período voluntario de cobro do mesmo en dous períodos, no primeiro e no segundo semestre do ano 2022.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Remítase copia do ficheiro elaborado á Excema. Deputación Provincial, para que proceda á notificación colectiva das liquidacións e á posterior cobranza en período voluntario da devandita taxa polos medios habituais.

4 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN DE CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA.

Vista a Orde de 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotación, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Aprobar a participación deste concello na devandita convocatoria.

2º) Solicitar da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, unha subvención para realizar as obras que de seguido se indican:

a) Pavimentación de viario entre Mallas e Vigo, cun orzamento total xeral de 16.066,00€, en base ao proxecto de data febreiro de 2022, redactado polo arquitecto Juan Alfonso Botana Castelo.

b) Pavimentación de viario entre Ermedesuxo de Arriba e San Martiño de Arriba, cun orzamento total xeral de 29.775,55 €, en base ao proxecto de data febreiro de 2022, redactado polo arquitecto Juan Alfonso Botana Castelo.

3º) Remitir certificación deste acordo á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia.

5º) ASUNTOS VARIOS

5.1 – COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

EXPEDIENTE: 2021/U019/000031

A) Visto o expediente iniciado co número 1943 (RE) de 26/06/2015 por Sonia Fábregas Riveiro, no que presenta comunicación previa de inicio de actividade de albergue turístico de categoría dous, (referencia catastral número 8406479MH7580N0000LR).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000800 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 15/12/2021, Sonia Fábregas Riveiro, presenta proxecto de execución de ampliación de p1ª en edificación existente de vivenda unifamiliar para destinala a albergue categoría 2 (P. Semisoto + Pranta Baixa + Pranta Baixo Cuberta); Certificado final de obra; Certificado de eficiencia enerxética e etiqueta rexistrada para incorporar ao expediente de apertura de establecemento.

CONSIDERANDO: Que no informe técnico de data 26/01/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declárase completa a documentación presentada e a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1ª) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de Inicio de Actividade presentada por SONIA FABREGAS RIVEIRO, para o realizar a actividade de "ALBERGUE " na edificación (referencia catastral número 8406479MH7580N0000LR).

2ª) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3ª) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

5.2 – TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

EXPEDIENTE: 2021/U019/000025

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2021/999/00000508 (RE) de 24/08/2021 por Miguel Pose Blanco, en nome e representación de APARTAMENTOS COSTA DA MORTE, S.L., con CIF: B-06.877.377 e domicilio a efectos de notificacións telemáticas no mail info@baleasgrupo.com, de comunicación previa de inicio de actividade de hospedaxe en hostais e pensións na edificación (Referencia Catastral número: 8216108MH7581N0001MX).

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión de 20/07/2017, concedeulle acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Estrella de los Angeles Pérez María, para realizar a actividade de "Hospedaxe en Hoteis e Moteis" na edificación.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000338 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos deste concello, de data 14/09/2021, diríxese oficio a Estrella de los Ángeles Pérez María, concedéndolle trámite de audiencia por un prazo de dez (10) días hábiles, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

pertinentes ao respecto deste expediente, sen que durante o devandito prazo presentara ningunha reclamación ao respecto.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de Transmisión de Actividade e Comunicación Previa de inicio da actividade presentada por APARTAMENTOS COSTA DA MORTE, S.L., conCIF: B-06.877.377, para o inicio da actividade de "HOSPEDAXE EN HOSTAIS E PENSIONES".

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

5.3) VENDA AMBULANTE

LISTA DE ESPERA

EXPEDIENTE: 2022/

A) Vista a solicitude presentada co número 2022/000/00000152 (RE) de 29/01/2022 por HOUYAM RBIBIH HRIMOU, no que solicita un posto na venda ambulante para dedicarse a venda de produtos de textil cunhas dimensións aproximadas de 10x2 metros (20 m2).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluíla na lista de espera da venda ambulante co número 108 para dedicarse á venda de produtos de textil e confección.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Vista a solicitude presentada co número 2022/999/00000091 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste concello, de data 1/02/2022 por JOSE MANUEL LISTE GARCIA, en nome e representación da ASOC PROFESIONAL DEL COMERCIO AMBULANTE DE GALICIA, con domicilio de notificación telemática no mail acapagacapag@gmail.com, quen solicita se lle conceda a Maria Isabel Ferreruela Salazar, un posto na venda ambulante para dedicarse a venda de produtos de textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Incluila na lista de espera da venda ambulante co número 109 para dedicarse á venda de produtos de textil e confección.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

5.4) SOLICITUDES DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000165 (RE) de 1/02/2022, a petición de J. M. Q. F., no que solicita unha axuda de emerxencia social.

Visto o informe de data 7/02/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única de trescentos euros (300,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. M. Q. F., unha axuda económica de emerxencia social, por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:40 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.